

Proxecto de Orde pola que se regula o réxime de permisos, licenzas e vacacións do persoal docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Resultado da negociación:

A CIG-Ensino esixiu, para iniciar a negociación do proxecto de Orde, que se mantivese o **permiso de até tres días para indisposicións e enfermidades leves** mediante xustificación documental. A Consellaría aceptou manter o permiso.

A Consellaría recolle, a proposta da CIG-Ensino, un **permiso de catro días para formación en horario lectivo**.

A Consellaría aceptou estudar a proposta da CIG-Ensino de efectivizar o dereito a acumular as horas de **lactación** por parte do profesorado substituto. Así mesmo a Consellaría asumiu a continuidade do contrato cando o titular goce do permiso por parto e con posterioridade despois dun período non lectivo goce do permiso de lactación como reclamou a CIG-Ensino (artigo 7). A Consellaría tamén aceptou a proposta da CIG-Ensino de eliminar a obriga de ter que solicitar como mínimo dúas semanas continuadas de acumulación da lactación.

A Consellaría **eliminou** por petición da CIG a **referencia ao horario de cómputo mensual** na redución de xornada por fillo hospitalizado e a referencia ao horario complementario no permiso por lactación. Elimina tamén a especificación “convocadas polo centro” ao recoller o permiso para asistir ás **titorías** no deber de carácter inescusábel e engade “consultas”.

A Consellaría aceptou a proposta presentada pola CIG-Ensino de que se recolla tamén para o profesorado o dereito a solicitar unha **redución de xornada por interese particular**, con redución de haberes (unha redución da metade da xornada). A Consellaría tamén aclarou, ante unha proposta da CIG-Ensino que a redución de xornada é proporcional a cada unha das súas partes.

A Consellaría aceptou tamén a proposta da CIG-Ensino de que os días adicionais de vacacións por antigüidade se non se poden gozar en xullo e agosto se poidan gozar mesmo en período lectivo.

A petición da CIG-Ensino eliminouse a referencia a acumulación de permisos por falecemento, accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica dun familiar e a referencia a un tempo mínimo de hospitalización (artigo 3).



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

Permisos por indisposición ou enfermidade leve até tres días con xustificación documental.



A finais do primeiro trimestre, algúns inspectores pretenderon denegar o permiso de até tres días por indisposición ou enfermidade xustificada documentalmente. Ante isto, a CIG-Ensino presentou un escrito na Consellaría de Educación en novembro e realizou unha concentración de delegados e delegadas ante a Consellaría o día 16 de decembro, para esixir o mantemento deste permiso.

Durante as vacacións de Nadal, a Consellaría envía un proxecto de Orde de permisos, licenzas e vacacións mediante o que pretendía eliminar este dereito. Ante iso, a CIG-Ensino posicionouse publicamente e manifestou que esixiría a retirada do proxecto.

O día da Mesa a CIG-Ensino convocou os seus delegados e delegadas nas inmediacións da Mesa Sectorial para reclamar o mantemento do permiso e a retirada da Orde, trasladándolle á Consellaría que se non atendía esta demanda non negociaría ese punto. A CIG-Ensino esixiu o mantemento do permiso de até tres días por enfermidade leve coo recollía a anterior Orde e a modificación da redacción do punto relativo ás vacacións (para a CIG-Ensino non pode ser unha vía de redución dos dereitos do profesorado) para iniciar a negociación da orde, que necesariamente debería ser trasladada a outra data para realizarse con tempo suficiente. A Consellaría aceptou manter o permiso de até tres días e modificar a redacción das vacacións.

Proxecto de Orde pola que se regula o réxime de permisos, licenzas e vacacións do persoal docente

A CIG-Ensino considera que as vacacións non deberían estar recollidas nesta orde, e se se fala de vacacións, tamén se debería falar da xornada e do horario lectivo, que foi incrementado de maneira unilateral pola Consellaría, ou dos cometidos que nos foron impostos como a vixilancia do alumnado transportado.

En todo caso, unha vez que se trae para a súa negociación un novo proxecto de orde, deberían negociarse temas que son de grande importancia para o profesorado:

- Redución horaria para maiores de 55 anos
- Restitución do contrato de verán para o persoal substituto con máis de cinco meses traballados
- Restitución da gratificación na xubilación anticipada,
- Adaptación do posto de traballo por razóns de saúde laboral ou embarazo
- Negociación e establecemento dun cadro de enfermidades profesionais
- Incremento das horas de imprevistos considerando que se incrementou o horario lectivo
- Establecemento dun crédito de 25 horas ao ano para acceder a formación en horario lectivo.
- Que a reducións horarias por lactación e hospitalización de fillos prematuros sexan sempre en horas lectivas.

Para máis información visita <http://www.cig-ensino.com>



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

Propostas da CIG-Ensino ao articulado da Orde pola que se regula o réxime de permisos, licenzas e vacacións

Artigo 2. Equiparación de unións de feito.

En todo caso, estar rexistrado no Rexistro galego de parellas de feito para o permiso de unións de feito ou matrimonio mais non para outro tipo de licenzas, hai outros rexistros e deben contemplarse.. *A Consellaría responde que se aceptarán inscricións noutros rexistros de parellas de feito (municipais, por exemplo) e modificará a redacción para que así quede recollido.*

Artigo 3. Permiso por falecemento, accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica dun familiar.

Propoñemos eliminar o que limita restritivamente a Lei 2/2015.

3.3 Suprimir “duplicidade dos días de permiso” é un engadido que non aparece na Lei 2/2015, non procede ir máis alá do que di a Lei.

6. Na Lei 2/2015 non define o tempo mínimo de hospitalización nin o define, por tanto debe suprimirse.

Acepta as propostas.

Artigo 7. Permiso por lactación.

7.3. Xa no seu día debateuse o tempo equivalente de acumulación e non temos limitación de rango superior. Antes o permiso de lactación acumulado era de 4 semanas por crianza de até 9 meses. Despois acrecentouse por crianza de até 12 meses, polo que o permiso debería ser de 5 semanas horas, para evitar unha discriminación a respecto das persoas que non acumulan este permiso, xa que teñen un 25% máis de permiso para ausentarse do traballo do que tiñan anteriormente. E que o goce da hora sexa en horario lectivo. O profesorado substituto debe poder exercer este dereito, habería que arbitrar a maneira de facelo.

7.4. Eliminar “como mínimo, de dúas semanas continuadas”. Non aparece na Lei 2/2015e por iso non debe pórse esta obriga, porque estamos a restrinxir.

7.5. O persoal substituto terá dereito a acumular a hora de lactación en proporción aos servizos prestados desde o nacemento ou acollemento e até que finalice o curso escolar.

7. A hora diaria por lactación debería poder gozarse ao inicio ou ao final da xornada lectiva e non obrigar a gozar o permiso dentro do horario complementario fixo ou de obrigada permanencia no centro. Ademais o persoal substituto debería ter dereito a continuar na substitución cando o titular goce do permiso por parto e con posterioridade despois dun período non lectivo goce do permiso de lactación. A Lei 2/2015 non fixa un mínimo de acumulación.

Para máis información visita <http://www.cig-ensino.com>



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

A Consellaría responde que tal e como está redactado o 7.1. no momento en que se teña previsión de ter un fillo pode facerse a elección de horario.

Recoñecen que o apartado 7.4. é unha limitación. Poden retiralo ou redactalo doutro xeito, recomendando que se faga por períodos de 15 días mais non obrigando.

Acumulación da lactación polo persoal substituto, están dispostos a estudar a proposta, sobre todo cando a duración da substitución é indeterminada. Piden unha proposta de texto.

Artigo 8. Por nacemento de fillos prematuros ou que por calquera outra causa deban permanecer hospitalizados a continuación do parto.

8.1 Propoñemos engadir, así mesmo, a posibilidade de ampliar a redución horaria, aínda que sexa sen retribuír (consideramos insuficiente as dúas horas que se prevén no apartado 8.2.). *Retiran o punto 4 e modifican o 1, eliminando a palabra máximo.*

8.5. Suprimilo. O profesorado debe ter dereito a gozar este permiso dentro do horario lectivo. En todo caso, de ser necesario nomearase persoal substituto. *A Consellaría di que pode retirar o de cómputo mensual.*

Artigo 11. Permiso por matrimonio ou unión de feito.

4. *Débase entender cando se trate da mesma parella. A Consellaría acepta a especificación e inclúe un día de permiso por matrimonio de familiar en 1º grao.*

Artigo 13. Permisos para o cumprimento de deberes inescusables de carácter público ou persoal, de deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral e mais de asistencia a consultas e revisións médicas.

13.5.a Engadir “ou consultas”, tal e como se recolle no apartado 2.

13.5.b A asistencia a titorías débese contemplar tanto a convocada polo centro, polo titor ou titora ou por solicitude dos pais ou nais.

A Consellaría aceptan incluír as consultas e no de titorías retiran a especificación de convocadas polo centro.



Artigo 14. Permiso por asuntos particulares.

Os días de permisos propios, particulares podería equipararse aos que ten Función pública: 6 días.

Artigo 16. Permiso por parto.

Propomos, como mínimo, 24 semanas.

Engadir novo apartado: Ampliar o permiso en dúas semanas máis ás familias monoparentais.

Para máis información visita <http://www.cig-ensino.com>



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

Artigo 17. Permiso por adopción ou acollemento.

17.5. Non aparece o acollemento inferior a un ano, talvez se deba establecer un mínimo, mais inferior a un ano, porque se teñen dado casos de acollemento que duran o curso escolar. Engadir que será como mínimo de 60 días incrementándose en 15 días por cada acollemento. *A Consellaría di que está restrinxido polo marco lexislativo. Di que se entenderá por un curso.*

17.6. Neste caso, tamén, se deben percibir as retribucións complementarias.

Artigo 18 Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo.

4. Engadir: “cando os proxenitores non estivesen casados nin fosen parellas de feito en análoga relación de afectividade ou familias monoparentais”

A Consellaría di que o de monoparentais que o van falar con función pública.

Artigo 21.-Permiso para a asistencia a actividades de formación do profesorado.

O profesorado terá dereito a 25 horas de formación no horario lectivo por curso. *A Consellaría acepta recoller o dereito a catro días lectivos para formación.*

21.3. Criterios para a posíbel autorización, engadir: “Actividades encamiñadas á galeguización do ensino ou á adquisición de suficiente competencia para impartir aulas lingua galega.” *A Consellaría di que o estudar.*

Artigo 22. Licenza por asuntos propios.

3. Engadir: “O período comezará a computar desde o día que se inicie o goce do permiso”.

A Consellaría di que se computa desde o inicio do goce do permiso.

Artigo 25. Licenza por estudos.

Engadir: “O profesorado terá dereito a gozar, como mínimo, unha licenza por un período dun curso escolar durante a súa vida profesional”

Artigo 28. Vacacións do persoal funcionario docente.

Seguimos dicindo que non é correcto que se recolla nesta norma. E se se recolle debe ser en termos diferentes. A Orde debe ser de permisos e licenzas. Se se fala de vacacións, habería que falar de xornada, e nós queríamos falar da xornada, pois modificóusenos unilateralmente.

As vacacións están fixadas na lexislación xeral. Non discutimos que as vacacións teñan que ser en período non lectivo, outra cousa son os catro días adicionais por antigüidade., que propoñemos que se recolla o dereito a que sexan gozados noutro momento, mesmo en días lectivos.

Propoñemos que se incremente un día máis para os que teñan máis de 35 anos de servizo.

Modificar o apartado 5 e 6, porque limita a parto e debe ser tamén por incapacidade temporal, para que sexa para todos igual.



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

A Consellaría di que vai manter esta redacción. Non van entrar na xornada. As vacacións hai que gozalas no período non lectivo. Dan un tratamento diferenciado ao que ten que ver coa maternidade e a incapacidade temporal (IT), porque hai normativa europea que especifica que se hai coincidencia das vacacións coa IT, as vacacións son recuperábeis. A Consellaría di que xa na actualidade se permite gozar das vacacións en período lectivo cando non se puideron gozar en xullo e agosto e o vai seguir facendo.

Artigo 29. Reducións de xornada con retribucións.

29.2 Engadir: “ou enfermidade grave que comporte hospitalización de longa duración” no título. *Acéptase.*

Novo artigo: Redución de xornada por interese particular. O profesorado poderá solicitar unha redución de xornada dun 1/2 ou dun 1/3 por interese particular, coa redución de haberes. *Aceptan recoller o dereito a solicitar unha redución de xornada, á metade, por interese particular. Non acepta a redución a 1/3 pola substitución do profesorado.* A CIG-Ensino considera que non é motivo suficiente, porque o profesorado nunca sobra.

Artigo 31. Redución de xornada con diminución de retribucións.

31.1 Redución de xornada por garda legal. Débese facilitar a posibilidade de reducir a xornada nun 1/4. *A Consellaría di que o recollen así para realizar a substitución do profesorado.*

A redución de xornada debe ser proporcional ao horario lectivo, mais nunca de permanencia no centro. Por tanto que se suprima a referencia ao horario semanal de permanencia no centro. *A Consellaría di que mantén a redacción, mais que a redución é proporcional ás distintas partes da xornada.*

Artigo 32. Imprevistos.

Ampliar a 30 períodos lectivos: o profesorado terá dereito, como máximo, a 30 períodos. Igual que se incrementou a nosa carga lectiva. *A Consellaría non acepta a petición.*

Disposición derogatoria.

Non á derogación das permutas provisionais. Non se debe eliminar a posibilidade das permutas provisionais. En todo caso, deberíase elaborar unha normativa que recollese toda a regulación sobre as permutas provisionais, comisións de servizo humanitarias, por concilia, etc.